

Con data 2 de maio 2018 publicaróñse as Listas Definitivas da Convocatoria **4/2018** de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato en réxime temporal,

Visto o escrito presentado polo Investigador Principal e membro da Comisión de Selección, **D. Jesús Fernando Salgado Velo** da praza de referencia **2016-PG049**, titulada “Consolidación e estruturación 2016 GPC GI-1458 Recursos Humanos e rendemento”, no que manifesta que entre os candidatos admitidos figura Dona Julia Marina Salgado Barca , coa que a une un parentesco de consanguinidade de cuarto grao.

Esta Reitoría RESOLVE, nomear a Dona Silvia Moscoso Ruibal para a valoración das solicitudes da praza de referencia **2016-PG049**, dado que segundo o punto 6 da convocatoria “Proceso de Selección” os membros da Comisión deberán absterse de intervir, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á data da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018
Por delegación do reitor
(Resolución do 22/09/2015, DOG 05/10/2015)
A Vicerreitora de Investigación e Innovación,

Isabel Rodríguez-Moldes Rey

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL RODRIGUEZ MOLDES REY, NIF 32624207H, 03/05/2018 09:41:34.

CSV: 6DA6-783C-4579-9523